



MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Valentín García Gómez (secretaría xeral, Política Lingüística)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA PARA O ANO 2017, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral formalizou co **Consello Xeral do Poder Xudicial** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31/03/2017 ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de actividades de formación en linguaxe administrativa galega e/ou linguaxe xurídica galega, nivel medio ou nivel superior, na modalidade de teleformación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Consello Xeral do Poder Xudicial acordan subscribir este convenio de colaboración para o ano 2017 co fin de materializar a cooperación para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a cal establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten, entre outras, as competencias de promoción, ensino da lingua galega, potenciación do uso do galego e ao Consello Xeral do Poder Xudicial, entre outras competencias, a de “resolver o que proceda en materia de formación e perfeccionamento (...) de xuíces e maxistrados” e a colaboración con outros organismos para estes efectos.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, o día 22 de setembro de 2004 recolle entre os seus obxectivos o de conseguir unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren, en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional; conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 24 de abril de 2017.

